

UGT e CCOO CONVOCAN 5 MINUTOS DE PARO EN APOIO A UCRAÍNA PARA O VINDEIRO MÉRCORES

Faise un chamamento para que o mércores, entre as 12.00 e as 12.05 os traballadores e traballadoras se manifesten de xeito silencioso ás portas dos seus centros

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores e Comisións Obreiras reiteramos a nosa máis enérxica condena á invasión rusa de Ucraína. Este covarde e ilexítimo acto bélico e a consecuente guerra deben parar de inmediato. Así mesmo, expresamos a nosa solidariedade coas xentes de Ucraína e especialmente coa súa clase traballadora, coas vítimas no país e coas e os traballadores ucráinos que residen en España e que viven con dor o drama da guerra na distancia.

Por iso, facemos un chamamento aos e ás traballadoras de España a que o mércores 9 de marzo manifestéense de maneira silenciosa na entrada dos seus centros de traballo de 12:00 a 12:05 horas, solidarizándose así co pobo de Ucraína, pedindo o cesamento do fogo e a inmediata retirada de tropas rusas do país.



OUTRO 8M NO QUE TODAS AS EIVAS DO MERCADO LABORAL GALEGO TEÑEN ROSTRO DE MULLER

Redacción.- A secretaria de Igualdade de UGT-Galicia, Trinidad Campos, presentou este xoves en Santiago, co gallo do Día internacional da Muller 8M, un informe no que se constata, un ano máis, e xa parece que dun xeito invariable, un mercado laboral moito máis desfavorable para as mulleres galegas que para os homes. Taxas de actividade e de emprego máis baixas; taxas de paro, temporalidade, parcialidade máis elevadas e moitas máis reducións de xornada e excedencias por coidados familiares. A isto súmaselle a segregación ocupacional horizontal e vertical. E todo isto conclúe tamén nunha brecha salarial que supera en Galicia os 19 puntos, o que supón case 5.000 euros menos ó ano en retribucións para as mulleres galegas.

Coas mulleres traballadoras, polo dereito á igualdade efectiva

Así, e ante esta crúa realidade, UGT reitera que estarán sempre ó carón das mulleres traballadoras e loitando polo dereito a unha igualdade efectiva. Así, UGT traballou nesta



fonda crise sanitaria, no eido do diálogo social, para pechar acordos como o dos ERTE que chegaron a protexer 120.500 empregos no núcleo duro da pandemia, un 50,8% correspondentes a mulleres, porcentaxe que chegou ó 65% nalgún trimestre, como o segundo de 2021. Outros acordos significativos foron as subas do SMI, un 22,3% no 2019, e que se ven de asinar no 2022 a súa suba ata os 1.000 euros, o que vai beneficiar ós traballadores e traballadoras con salarios máis baixos,

mulleres e ós máis mozos, sobre todo. De feito, a brecha salarial en Galicia é a máis baixa nos últimos dez anos e reduciuse en dous puntos con respecto ó ano anterior. Neste contexto ambos sindicatos tamén estiveron aí cando se acordou o IV AENC que prevé un salario mínimo de convenio de 1.000 euros; cando se acordou o Ingreso Mínimo Vital; ou o complemento de redución de brecha de xénero nas pensións.

Continúa na páxina seguinte...

No eido normativo, UGT colaborou na articulación de dúas ferramentas decisivas para avanzar na igualdade efectiva, o Real Decreto 901/2020, de 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro, e o Real Decreto 902/2020, de 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes.

A isto súmaselle unha reforma laboral que, entre moitas das súas potencialidades, hai que destacar o gran impacto de xénero, xa que se lle poñen límites á temporalidade e ó encadeamento de contratos.

Pero, a pesar de todos estes avances normativos, aínda queda moito por facer. Segundo a EPA, no 2021 a poboación activa feminina é inferior á masculina en 49.800 persoas, un 57,1% de taxa de actividade entre os homes, fronte ó 48,3% das mulleres. E as mulleres galegas soportan unha taxa de actividade 5,4 puntos inferior ó resto do Estado. Hai 481.000 homes inactivos en Galicia, fronte a 631.700 mulleres. E, mentres que a maior parte dos homes inactivos o son por estar retirados, xubilados ou ser pensionistas, as mulleres, aínda que esta tamén é a principal causa, séguelle de preto as "labores da casa" (así o tipifica o IGE-INE), o que quere dicir coidado do fogar e da familia sen ningún tipo de remuneración, un traballo totalmente invisibilizado. Das persoas que non buscan emprego polo coidado de nenos e nenas, persoas adultas enfermas, discapacitados ou maiores, o 91,3% son mulleres. E a pandemia agudizou esta tendencia de facer da muller a coidadora. Resulta evidente que non existe, ou estase moi lonxe dunha corresponsabilidade plena entre homes e mulleres.

E o desánimo no mercado laboral tamén ten rostro feminino. De todas as persoas que din que non buscan emprego porque "cre que non o van atopar", hai 5.500 mulleres, fronte a 3.600 homes.

Todo isto a pesar de que no 2021 había en Galicia 1.220.900 mulleres de 16 ou máis anos e 1.120.000 homes. É dicir, a poboación feminina era superior.

Como se debuxa o desemprego? 7.700 homes menos nesta situación. As mulleres soportan unha taxa de paro do 12,8%, mentres que no caso dos homes baixa ata o 10,6%, 2,2 puntos superior no caso das mulleres.

Hai, segundo a EPA, 57.500 mulleres ocupadas menos en Galicia no 2021 que homes, 513.800 mulleres ocupadas e 571.300 homes. As mulleres, de 16 ou máis anos, representan nesta Comunidade o 52,2% da poboación pero o 47,4% da ocupación. Así, a brecha da taxa de emprego é de 8,9 puntos, os homes teñen unha taxa do 51%, fronte ó 42,1% das mulleres.

Ademais, a segregación ocupacional per-

siste. As mulleres acaparan o 56,5% da ocupación do sector servizos. Porcentaxe que baixa ó 38,6% na agricultura, gandería, caza e silvicultura; na industria é do 28,2%; pesca e acuicultura, do 22,2%; e de tan só o 7,6% na construción. A segregación vertical tamén persiste, tan só o 32% dos postos de dirección e xerencia son ocupados por mulleres e tan só o 2,5% da poboación ocupada feminina está nestes postos. Ó que lle hai que sumar que as mulleres tan só representan o 25,4% nos órganos de dirección das empresas do IBEX 35. O "teito de cristal" continúa.

En canto á formación, a maior nivel da mesma os homes acadan maiores taxas de ocupación, se ben é certo que no caso da educación superior o diferencial é menor, polo que pode concluírse que a formación é a mellor ferramenta para lograr a inclusión da muller no mercado laboral. Deste xeito, a taxa de ocupación entre as mulleres cun nivel formativo de educación superior é do 70,4% e do 71,1% no caso dos homes (tamén hai que subliñar que a pesar de haber en Galicia máis mulleres con este nivel educativo, 275.600 e 235.700 homes). Noutros niveis as diferenzas son maiores. Como no caso dos estudos primarios, un 3,7, fronte ó 10,7; ou en educación secundaria da segunda etapa, dun 47,4, fronte ó 56,4.

A precariedade é outra das constante que tinge o mercado laboral feminino. As mulleres galegas soportaron no 2021 unha taxa de temporalidade do 26,8% (22,2% no caso dos homes). UGT agarda que coa nova reforma laboral consensuada entre o Goberno e os axentes sociais se deixe ver un cambio. De feito, xa en febreiro de 2022 a contratación indefinida pasou do 9,8% de media anual no 2021 ó 23% en febreiro de 2022. No caso das mulleres pasaron do 9,3% ó 22,2%.

O emprego a tempo parcial tamén ten rostro de muller. Hai nesta Comunidade 112.100 mulleres con contrato a tempo parcial, fronte a 34.200 homes. É dicir, as mulleres galegas ocupan o 76,6% do tempo parcial. O 27,9% do total de mulleres ocupadas, están a tempo parcial, fronte ó 6,4% masculino. Así, pódese falar dunha brecha na parcialidade de 21,5 puntos.

Coa recuperación a partir de 2013 os homes conseguiron reducir as taxas de paro en 11,6 puntos e as mulleres tan só en 8,9 e coa crise da COVID a brecha de paro entre homes e mulleres agudízase

As brechas tamén se deixan ver no desemprego. A taxa de paro no 2021 foi do 12,8% entre as mulleres e do 10,6% entre os homes. Mentres as crise de 2008 ocultara en certo sentido estas diferenzas, ó afectar sobre todo a sectores fortemente masculinizados, unha vez se iniciou a recuperación no 2013 as mulleres non se beneficiaron da mesma ó mesmo nivel que os homes. Dende o 2013 ata o 2019 os homes reduciron as taxas de paro

en 11,6 puntos, mentres que as mulleres só foron capaces de chegar ós 8,9 puntos. E en plena crise da COVID-19 a brecha na taxa de paro é a maior rexistrada nos últimos anos, de 2,3 puntos. O que evidencia que a pandemia cebouse máis entre o sector feminino.

Tamén son as mulleres as máis prexudicadas pola lacra do paro de longa duración. No 2021 o 55,7% das mulleres en paro levaban máis de dous anos buscando emprego e o 54,3% máis dun ano. Entre o 2020 e o 2021 o número de mulleres que levaban dous ou máis anos na procura dun emprego aumentou nun 13,5%, fronte á contracción dun 1,2% no caso dos homes. Isto evidencia que a saída do desemprego está a ser máis doada para os homes. Todo isto acompañado dunha taxa de cobertura por desemprego do 64,7% no caso das mulleres e do 75,1% no caso dos homes.

Como xa se comentaba anteriormente, a corresponsabilidade aínda está en cueiros. Así o amosan as cifras. Do total de persoas que en Galicia teñen un contrato a tempo parcial por coidado de familiares, 22.100 son mulleres e tan só 1.400 homes. As reducións de xornada por coidado legal son solicitadas no 76,4% dos casos por mulleres. As excedencias por coidados familiares tamén nun 74% dos casos por mulleres. Outro dato que apunta tamén ós déficits que persisten nos servizos públicos, concretamente, en materia de atención ós dependentes, é que do total das 144.539 persoas que son coidadoras de persoas con dependencia, 90.718 son mulleres, 63 de cada 100. E neste contexto, como xa se denunciou o día 22, hai que reiterar que a brecha salarial é do 19,3%.

Demandas sindicais

Ante esta realidade, para UGT, resulta prioritario impulsar a negociación colectiva de medidas e plans de igualdade e dotar dos recursos públicos necesarios para cumprir obxectivos neste senso; esixir o cumprimento dos plans de igualdade; combater a violencia machista tamén dende os centros de traballo; seguir incrementando o SMI ata situalo no 60% da media salarial; mellorar as políticas activas de emprego, con perspectiva de xénero; adoptar políticas con perspectiva de xénero en todos os eidos e, especialmente, en materia de coidados; investir en infraestruturas públicas suficientes, accesibles e de calidade para o coidados de menores e maiores con necesidades; reforzar e garantir os instrumentos e recursos de vixilancia, control e sanción da autoridade laboral para o cumprimento efectivo do principio de igualdade no eido laboral; e acelerar o proceso de ratificación dos convenios 189 da OIT sobre o traballo digno das traballadoras do fogar e o 190 da OIT sobre a eliminación da violencia e o acoso no mundo do traballo.

CONTRATACIÓN INDEFINIDA RÉCORD, DO 23%, GRAZAS Á REFORMA LABORAL

Redacción.- Os datos publicados este mércores sobre o paro rexistrado do mes de febreiro reflicten a gran incidencia positiva da reforma laboral no mercado de traballo, cun crecemento récord da contratación indefinida. De feito, grazas a esta reforma, impulsáronse os contratos indefinidos ata o 23,13%, multiplicándose por máis do dobre respecto a 2021, un dato que para UGT-Galicia debe seguir aumentando paulatinamente, ata consolidarse.

Tanto a estatística do paro como a da afiliación á Seguridade Social reafirman a positiva evolución do emprego, consecuencia da reactivación da actividade. Aínda que en Galicia medra moi levemente, fronte á caída no resto do Estado, interanualmente, dáse unha baixada histórica, polo menos dende o 1996 (coas series que hai dispoñíbles).

Neste positivo contexto aparecen dous elementos de preocupación, de moi distinta natureza. Dun lado, a calidade do emprego xerado, que aínda que en termos de temporalidade vai mellorando grazas á reforma laboral, aínda presenta moitas eivas que hai que subsanar, como os baixos salarios. Doutro lado, a agresión de Rusia a Ucraína, que abriu un conflito de incalculables consecuencias en todos os ámbitos.

Para atacar o primeiro problema introduciuse a reforma laboral aprobada a finais do pasado ano, froito do acordo do Goberno cos interlocutores sociais. Aínda que moitas das súas medidas aínda non entraron en vigor (farano en abril), si resulta moi destacable nestes primeiros meses o aumento do peso da contratación indefinida sobre o total, como xa se apuntou. A reforma laboral está a atallar a precariedade laboral e a temporalidade e está a aumentar os empregos dignos e de calidade.

En relación á precariedade salarial que caracteriza a actividade produtiva no noso país, que é incompatible cun crecemento económico robusto e sostible, UGT-Galicia destaca a aprobación do aumento do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) a 1.000 euros, que se aplicará con carácter retroactivo desde o 1 de xaneiro de 2022, e que mellora as condicións de vida das persoas que se atopan nas posicións máis desfavorables da escala salarial.

Os salarios de convenio teñen que medrar

Con todo, os salarios en convenio non están a crecer de maneira acorde á situación económica, ante a escalada de prezos

que se está producindo e ante as necesidades de crecemento económico para deixar atrás definitivamente a crise pandémica. A recuperación non será posible se os traballadores e as traballadoras perden de novo, como xa sucedese en 2021, poder adquisitivo.

Neste escenario, de indubidable bonanza económica, pero marcado de maneira determinante pola necesidade de afianzar a reconstrución económica e pola incerteza provocada pola guerra en Ucraína, desde UGT-Galicia considérase fundamental que a patronal e os sindicatos alcancen un novo Acordo para o Emprego e a Negociación Colectiva onde se fixe unha folla de ruta común, con criterios adecuados para todos os convenios colectivos, tendo en conta as especiais circunstancias actuais, o sucedido en 2021 e as particularidades dos sectores nos que se desenvolve a súa actividade. A capacidade de adaptación e un marco estable de negociación serían claves para aumentar e mellorar o emprego de calidade no futuro inmediato.

Análise de datos

Concretando os datos relativos ó paro rexistrado que hoxe ofrecen os ministerios de Traballo e Economía Social e o de Inclusión, Seguridade Social e Migracións, estes apuntan a un leve aumento do desemprego en Galicia no mes de febreiro, do 0,37%, fronte á caída do Estado, dun 0,36%. Así, hai que en Galicia un total de 154.509 persoas no paro e 3.111.684 no Estado. Non obstante, en termos interanuais, a caída do desemprego pode cualificarse como histórica, polo menos dende o ano 1996 (coas mesmas series dispoñíbles), dun 16,6% nesta Comunidade e aínda máis favorable no Estado, dun 22,38%.

Por idades, entre os máis mozos, menores de 25 anos, o desemprego medrou considerablemente con respecto a xaneiro porque neste mes aínda estaban vixentes contratacións do Nadal. Así, o desemprego creceu no mes nun 5,92% pero baixou interanualmente nun 24,52%.

Por sexos, o paro cae entre os homes nun 0,39% pero aumenta entre as mulleres nun 0,94%. No ano baixa en ambos, nun 18,13% entre os homes e nun 15,42% en-



tre as mulleres. Estas últimas seguen a soportar o 57,9% do total do desemprego en Galicia, 89.488 mulleres no paro, fronte a 65.021 homes.

En canto ós sectores de actividade, o paro aumentou nos servizos nun 0,66%; o 2,6% entre o colectivo de sen emprego anterior; e baixou na construción nun 2,86%; o 0,28% na industria; e o 1,19% no sector primario. No ano, baixa en todos, o 16,5% nos servizos, o 17,04% na industria, o 20,64% na construción, 15,45% no primario e o 13,22% entre o colectivos de sen emprego anterior.

Mensualmente, territorialmente, a evolución foi diferente. O paro medrou en Pontevedra, un 1,53%, mentres que no resto das provincias baixou, o 0,41% na Coruña, o 0,34% en Lugo e o 0,24% en Ourense. No ano a contracción rexistrouse en todas, en Lugo, cun 20,69%, na Coruña, cun 17,4%, en Ourense, cun 16,3%, e en Pontevedra a baixada foi dun 14,75%.

Como xa se apuntaba en parágrafos precedentes, a contratación indefinida mellora moito cun excelente dato, un 23,13%, unha porcentaxe que pode considerarse histórica. Hai que lembrar que xa no mes de xaneiro se rexistrara unha mellora, do 16,08% (9,46% en decembro) pero agora volveuse a dar un salto cuantitativo grazas á implementación progresiva das medidas que contén a reforma laboral e o Sindicato agarda que nos vindeiros meses, coa posta en marcha de medidas aínda pendentes, as cifras melloren aínda máis.

A cobertura por desemprego é do 63,9% en Galicia, con 90.995 persoas beneficiarias, o 47% delas de carácter contributivo. A media mensual da afiliación á Seguridade Social sitúase en Galicia no mes en 1.026.146, crecendo un 0,41%. No ano sube un 3,23%. Finalmente, en relación ós ERTE, a media mensual en febreiro foi de 5.242 traballadores e traballadoras, dos cales 4.412 están por ERTE Covid. Se se analizan os datos do último día do mes, obsérvase que o 54,4% son mulleres.

PARA CONMEMORAR ESTE 8M, UGT TEN PROGRAMADOS ACTOS EN TODA GALICIA

   		
ACTOS PROGRAMADOS POR UGT EN GALICIA PARA O DÍA INTERNACIONAL DA MULLER 2022		
CORUÑA CEE	3 DE MARZO	19:00 horas. Charla-coloquio titulada "Muller no deporte" para a que contaremos coa presenza de Helen Roca ex-xogadora internacional del C.R.A.T. A Coruña (equipo de Rugby local)
	8 DE MARZO	11:00 horas na Sala de Formación de UGT Coruña realizarase lectura do manifesto do 8M e a continuación frase entrega da Distinción Muller Traballadora a unha compañeira da comarca. 12:00 horas concentración diante da sede de UGT Coruña-Cee
FERROL	8 DE MARZO	11:00 horas no salón de actos de UGT-Ferrol farase entrega da Distinción Muller Traballadora a unha compañeira en recoñecemento ao seu traballo sindical. 12:00 horas Concentración diante da sede de UGT Ferrol.
COMPOSTELAE BARBANZA	8 DE MARZO	10:00 horas Almorzo no Salón de UGT en Compostela. 10:30 horas Declaracións ante a prensa sobre a situación da Muller na comarca de Compostela-Barbanza. 12:00 horas Concentración diante da sede e lectura do manifesto 20:00 horas participárase nas manifestacións previstas en Santiago e R ibeira
		11:00 horas Conferencia de prensa Cristina Antoñanzas , Vicesecretaría Xeral de UGT, e Trinidad Campos , Secretaria de Igualdade de UGT-Galicia
		11:30 horas Asamblea sobre "O impacto da Reforma Laboral na muller", ponente: Cristina Antoñanzas , Vicesecretaría Xeral de UGT
		13:30 horas Recoñecemento a unha compañeira coa entrega da Distinción Muller Traballadora en recoñecemento ao seu traballo sindical.
	11 DE MARZO	12:00 horas Concentración diante da Sede de UGT Lugo.
LUGO, LEMOS E COSTA LUCENSE	8 DE MARZO	19:00 horas no Salón de Actos da Unión se homenaxeará a unha compañeira coa entrega da Distinción Muller Traballadora en recoñecemento ao seu traballo sindical. Ao rematar o acto celebrárase unha cea homenaxe.
	8 DE MARZO	12:00 horas Concentración diante da Sede de UGT Ourense.
OURENSE VALDEORRAS E VERÍN	7 DE MARZO	19:00 horas Acto de Entrega da distinción Muller Traballadora a unha compañeira.
	8 DE MARZO	12:00 horas Concentración diante da Sede de UGT Pontevedra.
PONTEVEDRA AROUSA E DEZA	7 DE MARZO	11:30 horas nos locais de UGT en Pontevedra rolda de prensa para lectura de manifesto. A continuación homenaxearémos a unha compañeira coa entrega da Distinción Muller Traballadora en recoñecemento a seu traballo sindical.
	8 DE MARZO	12:00 horas Concentración diante da Sede de UGT Pontevedra.
VIGO	8 DE MARZO	11:00 horas no Salón de Actos de UGT Vigo Xornada sobre "A Muller no mundo deportivo dende unha Perspectiva de xénero" e na que participarán as seguintes deportistas: Teresa Portela, regatista e Medalla de Prata nos xogos Olímpicos Tokio 2021 Begoña Fernández Molinos, ex-xogadora, ex-capitana da Selección Española de Balonman e medallista Olímpica en Londres 2012 Elena Casal Fernández, árbitra de 1ª división de fútbol feminino e da 3ª división masculino. Cristina Cantero, adestradora de baloncesto do Real Clube Celta de Vigo, xunto a Mariona Martín, xogadora do mesmo clube.
		12:00 horas Recoñecemento unha compañeira coa entrega da Distinción Muller Traballadora en recoñecemento a seu traballo sindical
		12:15 horas Concentración diante da sede de UGT Vigo.

UGT-CORUÑA-CEE ABRIU OS ACTOS DO 8M CUNHA XORNADA SOBRE "MULLER NO DEPORTE"



Redacción.- UGT-Coruña-Cee arrancou este xoves cos actos do 8M que o Sindicato vai celebrar ó longo da vindeira semana por toda Galicia cunha xornada sobre "Muller no deporte". Nesta, a deportista e adestradora galega Helen Roca, vencellada ao rugby, puxo de manifesto que o eido do deporte é un deses mundos onde existe unha gran desigualdade entre homes e mulleres. Sentenciou que o deporte feminino é unha historia de loita. "Durante séculos ás mulleres loitaron contra os prexuízos e as trabas polo simple feito de ser unha muller, impostas por unha sociedade que cre que elas non poden ou non deben facer deporte", explicou.

Para as mulleres, era imprescindible poder compaxiñar estudos ou traballo cos requisitos que demanda unha competencia. E a día de hoxe as xogadoras aínda sofren condicións moi distintas ás dos seus compañeiros, tendo que xogar, incluso, en campos de categoría inferior.

Para Helena Roca, resulta imprescindible que as mulleres entren a formar parte das directivas dos equipos co fin de achegar outra perspectiva e dar a coñecer as súas necesidades.

CRISTINA ANTOÑANZAS ANALIZA O 11 EN SANTIAGO "O IMPACTO DA REFORMA LABORAL NA MULLER"

Redacción.- Dentro dos actos programados para conmemorar este 8M, está previsto que o día 11, a vicesecretaría xeral de UGT Cristina Antoñanzas analice a partir das 11.30 horas no salón de actos da sede de UGT-Galicia, en Santiago, "O impacto da reforma laboral na muller".



UGT

11 de marzo

11:30 horas

ASEMBLEA

"O IMPACTO DA REFORMA LABORAL NA MULLER"

Ponente: **Cristina Antoñanzas**
Vicesecretaría Xeral de UGT

13:30 Recoñecemento pola súa labor sindical a unha destacada compañeira da Unión de Compostela e Barbanza

UGT LOGRA UNHA SANCIÓN DE DOUS MILLÓNS DE EUROS A AMAZON POR VULNERAR A PROTECCIÓN DE DATOS

Redacción.- UGT denunciou a Amazon ante a Axencia Española de Protección en novembro de 2019, por vulnerar a privacidade dos repartidores aos que se lles esixía o certificado de ausencia de penais para poder iniciar a actividade como repartidor no modelo de Amazon Flex.

O sindicato demostrou na súa denuncia que, entre a documentación esixida por Amazon Flex para empezar a traballar como repartidor, estaba o certificado de penais, como condición para acceder ao posto de traballo.

A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores lembra que o modelo laboral de Amazon Flex foi sancionado pola Inspección de Traballo en outubro de 2020, por ter baixo o seu sistema de repartición a falsos autónomos. Unha denuncia interposta tamén por UGT que supuxo a alta de oficio de máis de 4.000 repartidores e unha multa económica de 6,2 millóns de euros.

Agora, ademais, condénase a esta empresa por vulnerar a intimidade destas persoas que se xa estaban obrigados a traba-

llar como falsos autónomos ademais debían certificar que non contaban con antecedentes penais, unha información sumamente persoal que só se pode solicitar cando as empresas están facultadas legalmente para facelo e no caso de certo tipo de traballos como o coidado de menores, xa que, tanto a Constitución como o Estatuto dos Traballadores prohiben a discriminación de traballadores e solicitar este tipo de certificados limitaría a posibilidade da reinserción de quen ten antecedentes penais.

A AEPD cualificou esta infracción como algo moi grave e tivo en conta a duración da falta, que o número de persoas afectadas é moi elevado, o nivel de danos provocados ás persoas, que non puideron acceder ao traballo e, para os que accederon, o risco sobre a súa privacidade ao que foron expostos, e considera ademais "A negligencia apreciada na comisión da infracción, tendo en cuenta que os requisitos esixidos pola entidade reclamada aos transportistas van máis aló do requirido



pola normativa reguladora do transporte de mercadorías".

UGT, que celebra esta sentenza pioneira, seguirá traballando polo cumprimento dos dereitos, tamén sobre os de carácter persoal e vixiando para que non se utilice a dixitalización como escusa para saltarse as normas e que as plataformas dixitais non obriguen a facilitar datos para acumulalos, procesalos e mesmo para traballar con eles.

EUROPA DEBE PROTEXER Á POBOACIÓN UCRÁINA QUE FUXE A PAÍSES COMUNITARIOS

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores espera que, tal como se anunciou no Consello Extraordinario de Xustiza e Asuntos de Interior, a Unión Europea poña en marcha o mecanismo de protección temporal que permitiría ás persoas que están a fuxir de Ucraína ser acollidas nos diferentes Estados Membros.

Este mecanismo previsto na Directiva 2001/55, e trasposto á nosa lexislación nacional polo Real Decreto 1325/2003 polo que se aproba o réxime de protección temporal en caso de afluencia masiva de persoas desprazadas, ten como finalidade brindar protección, entre outras, a persoas obrigadas a abandonar o seu país fuxindo dun conflito armado, e cuxo regreso ao mesmo sexa imposible. Este é o caso de Ucraína e as miles de persoas que están a chegar a través das súas fronteiras a Polonia ou a Hungría fuxindo da guerra provocada por Rusia.

Ademais, desta declaración xeral de protección temporal, UGT considera necesario establecer un sistema solidario de recolocación das cida-



dás e cidadáns ucarínos no conxunto dos Estados Membros, o reforzamento dos sistemas de acollida ás persoas desprazadas ou solicitantes de protección internacional e, na medida do posible, o establecemento de corredores humanitarios que permitan a saída de Ucraína e a entrada no territorio da Unión.

Para o sindicato, estas medidas

son absolutamente imprescindibles para garantir, canto menos, unha certa seguridade ás persoas que tiveron que abandonar o seu país, e necesarias tamén para que a Unión Europea cumpra cos seus valores e principios fundacionais. Unhas medidas que esperamos sexan temporais porque, sen dúbida, o principal é que termine este ataque cruel a Ucraína.

UGT PIDE A XUBILACIÓN ÓS 60 ANOS PARA AS VÍTIMAS DO AMIANTO

Redacción.- O amianto é un axente canceríxeno responsable de asbestosis, cancro de pulmón e mesotelioma, así como de cancro de larinxe e ovarios; incluso outros trastornos pulmonares e pleurais non malignos, tal e como recoñece o Centro Internacional de Investigacións sobre o Cancro (CIIC) e outros organismos internacionais. As enfermidades que produce o amianto, todas elas irreversibles, poden non manifestarse ata moitos anos despois á exposición a este material, ás veces pasan ata 40 anos.

No noso país, en 2021 só se comunicaron a insignificante cifra de 25 cáncros de orixe profesional debidos ao amianto. Con todo, segundo datos recollidos no Marco Estratéxico para a Seguridade e Saúde Laboral 2021-2027, a exposición ao amianto cóbrase unhas 88 000 vidas ao ano en Europa, representa entre o 55 e o 85 % dos casos de cancro de pulmón desenvolvidos no traballo, e calcúlase que as taxas de mortalidade asociadas a esta exposición seguirán aumentando ata finais do 2030.

Por este motivo, vai reducir o límite de exposición profesional ao amianto a nivel europeo, o que sen dúbida beneficiará á saúde de miles de persoas traballadoras, e aínda que se trata dun avance, co amianto non hai valor seguro, xa que é un canceríxeno sen limiar.

Aínda que a Organización Mundial da Saúde (OMS) cualificou o amianto como material canceríxeno nos anos 80 (e 50 países prohibírono) en España a utilización e comercialización do amianto está prohibida só desde 2002.

No noso país hai ao redor de 3.000 produtos que inclúen este material na súa fabricación e hai máis de 3 millóns de toneladas instaladas. Ademais, estamos ante unha deterioración do amianto en moitas instalacións, xa que a súa vida útil xira ao redor dos 35-50 anos, o que vai incrementar o risco de exposición laboral e ambiental.

O sindicato reclama que o Fondo de

Compensación de Vítimas do Amianto dea cobertura a todas as persoas traballadoras que: obtivesen o recoñecemento dunha enfermidade ocasionada polo amianto; aos membros da familia das vítimas e persoas con vínculos afectivos; e a todas aquelas persoas que por mor da súa actividade laboral teñan manipulado e inhalado fibras de amianto, e aínda non manifestasen enfermidade causada polo amianto, cumprindo certos requisitos como ser maior de 60 anos, estar en activo, estar incluídos nas listaxes oficiais de traballadores/as expostos ao amianto (RETEA) das distintas Comunidades Autónomas, e acreditación de cotizar polo menos 20 anos ao Réxime Xeral da Seguridade Social (xubilación aos 60 anos sen aplicación de coeficiente reductor). En países da UE como Francia ou Bélxica, desde hai anos, existen leis e normas específicas de indemnización para as persoas traballadoras, e posibilitan xubilarse anticipadamente a traballadores e traballadoras en activo que estivesen expostos a este material, pois está demostrado que reduce a súa expectativa de vida.

A REALIDADE É CLARA, HAI QUE AUMENTAR OS SALARIOS XA

Redacción.- Os datos do avance de IPC correspondentes ao mes de febreiro, publicados esta semana reflicten unha taxa interanual do 7,4%, 1,3 puntos por encima do dato obtido no mes anterior. Un dato que supón un incremento continuo do nivel xeral de prezos que está a configurar un escenario moi preocupante para a clase traballadora neste país, en tanto que as retribucións salariais non están a crecer ao mesmo ritmo.

Para UGT, a realidade é bastante clara. É imprescindible aumentar os salarios neste país. A subida a 1.000 do salario mínimo é, sen dúbida, unha boa noticia que beneficiará a moitas persoas traballadoras e permitiralles afrontar con menos adversidades a elevación xeneralizada dos prezos dos bens e produtos básicos, continuando así na senda de crecemento que ten como obxectivo que alcance o 60% do salario medio do país para 2023.

Con todo, hai que ter en conta que este incremento non soluciona o problema de baixos salarios que arrasa ao noso país. Se os salarios medios son baixos, indubidablemente o salario mínimo tamén o será, podendo non chegar a ser suficiente para que as persoas traballadoras poidan vivir dignamente. E este é o caso: o nivel dos salarios medios en España era en 2020 case un 20% inferior ao rexistrado na

media da Eurozona.

A situación crucíase se temos en conta as previsións de inflación para 2022, que se situaban xa nalgúns casos por encima do 4% antes da invasión de Ucraína por parte de Rusia. Para UGT, aínda que aínda é pronto para prever posibles impactos, esta circunstancia configura un escenario pouco alentador para o bo devir das relacións económicas internacionais, sendo previsible que, entre as moitas repercusións, prodúzanse aínda máis incrementos de prezos no mercado de produtos enerxéticos, maiores cuellos de botella nas relacións comerciais e, en definitiva, un agravamento xeneralizado da situación socioeconómica a nivel internacional con resultados aínda imprevisibles.

O sindicato manifesta a necesidade de que as persoas traballadoras non sigan perdendo poder adquisitivo, como sucedeu en 2021. Para iso, é vital que os convenios incorporen aumentos salariais por encima da previsión de inflación e que in-



troduzan, á súa vez, cláusulas de revisión salarial que vinculen as retribucións ao IPC e que eviten, por tanto, a perda de poder adquisitivo no caso de que o nivel de prezos se incremente máis do establecido en convenio. Neste sentido, UGT considera que a firma dun novo AENC é unha cuestión que a patronal non pode seguir aprazando no tempo.

Doutra banda, cada vez faise máis evidente a necesidade de que a Unión Europea adopte medidas coordinadas nos sistemas de formación dos prezos dos consumos enerxéticos, de maneira que repercutan efectivamente nunha rebaixa da factura que pagan mes a mes os fogares e as empresas.